

PREPARACIÓN DUNHA DISOLUCIÓN DE SULFATO DE COBRE(II) 0,25 M

Obxectivo: Preparar unha disolución de sulfato de cobre(II), CuSO_4 , de concentración 0,2 mol/l.

Material: Balanza, vidro de reloxo, espátula, vaso de precipitados, varíña axitadora, matraz aforado, sulfato de cobre (II), auga, pipeta Pasteur

Procedemento:

1. Calcula a cantidade de sulfato de cobre (II) necesaria para preparar unha concentración 0,25 mol/l (vai a depender do volume do matraz que utilices).
2. Pesa esa cantidade na balanza, utilizando un vidro de reloxo e axudándote coa espátula. Primeiro tes que pesar a masa do vidro de reloxo.
3. Coloca o sulfato de cobre nun vaso de precipitados e procura recuperar toda a sustancia arrastrando os restos de sulfato con auga. Engade auga (sempre menos que o volume total que queiras preparar) e axita coa varíña de vidro ata que se disolva totalmente. ¿Que podes facer para axudarlle a disolverse?.
4. Verte con coidado a disolución no matraz aforado e completa con auga ata cerca da liña de enrase. Axítalo ata conseguir que a disolución sexa homoxénea.
5. Enrasa o matraz coidadosamente con un contagotas. Recorda que a parte inferior do menisco ten que ser tanxente á liña de enrase e que ten que estar colocada á altura dos ollos.
6. A disolución xa está preparada. Depósitaa nun frasco limpo e seco e ponlle unha etiqueta na que figure a fórmula do composto, a concentración e a data de preparación
7. **Cristalización do sulfato de cobre (II):** Deposita un pouco da disolución preparada nun cristalizador e déixaa en repouso durante un tempo. Cando a auga se evapore aparecerán cristais azuis de CuSO_4 .
8. Lava o material.

DILUCIÓN DA DISOLUCIÓN ANTERIOR

Obxectivo: Imos preparar 100 ml de disolución de CuSO_4 0,01 M a partir da disolución 0,25 M

Procedemento:

- 1- Calcula o volume de disolución 0,25 M necesario para preparar 100 ml de disolución 0,01 M
- 2- Mide este volume con axuda dunha pipeta e véteo nun matraz aforado de 100 ml.
- 3- Bota auga destilada ata a liña de enrase axustando o nivel gota a gota como no caso anterior.
- 4- Verte a disolución nun frasco e etiquétaa.
- 5- Lava o material.

ACTIVIDADES

- 1- Fai un esquema da práctica debuxando e nomeando todo o material que utilizaches.